

# Actas do **S**impósio Ricardo **Carvalho** Calero Memoria do **S**éculo

Edición de  
Teresa López e Francisco Salinas



Editan:

© **Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística  
da Universidade da Coruña**  
Campus de Elviña, s/n. A Coruña

© **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega**  
r/ Laracha, 9, entrechán  
15010 A Coruña  
Teléfono e fax: 981 27 82 59

Deseño gráfico do Simposio: Torné Asociados

Deseño da edición e maquetación: Antonio Souto

Impresión: Imprenta Provincial

Dep. Legal: C-617-02

I.S.B.N.: 84-89679-66-5

I.S.B.N.: 978-84-9749-767-1 (electrónico)

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671>

# Actas do **S**impósio Ricardo **C**arvalho Calero Memoria do **S**éculo

Edición de Teresa López e Francisco Salinas

Organizan:



Colaboran:



# Organización

---

Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística da Universidade da Coruña  
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

## Presidencia de Honra

---

M<sup>a</sup> Ignacia Ramos.

## Comité Científico

---

Prof<sup>a</sup> Doutora M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos (Universidade de Vigo).  
Isaac Díaz Pardo.  
Francisco Fernández del Riego.  
Prof. Doutor Justo González Beramendi (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Basilio Losada Castro (Universitat de Barcelona).  
Prof<sup>a</sup> Doutora María Camino Noia Campos (Universidade de Vigo).  
Prof. Doutor José Luis Rodríguez Fernández (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña).

## Comité Organizador

---

**Coordenación:** Teresa López (Universidade da Coruña), Francisco Salinas Portugal (Universidade da Coruña).

**Presidente:** Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña).

**Vicepresidente:** Alberte Ansede (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).

**Vogais:** Pola Universidade da Coruña: Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro, Elisardo López Varela, Luciano Rodríguez, Goretti Sanmartín e Laura Tato.

Pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Xoán Costa, Teresa Fiaño, Anxo Gómez Sánchez e M<sup>a</sup> Xosé Bravo.

**Secretario:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretaría do Simposio:** María Calvo, Xoán Carlos Lagares.

# Índice

<b>Presentación</b>	7
<b>Prólogo</b>	
José Luis Meilán Gil .....	9
<b>Conferencia Inaugural</b>	
Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna. José Luís Rodríguez .....	11
<b>A investigación lingüística e literaria</b>	29
<b>Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria.</b> Elias J. Torres Feijó ....	31
<b>A obra lingüística de Carvalho Calero.</b> Ramón Mariño Paz .....	67
<b>A narrativa</b>	107
<b>A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta.</b> Manuel Forcadela .....	109
<b>A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica.</b> Arturo Casas .....	119
<b>Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de <i>Aos amores seródios</i>).</b> Carlos Paulo Martínez Pereiro.....	137
<b>A poesía</b>	161
<b>O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero.</b> Xosé María Álvarez Cáccamo .....	163
<b>As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero.</b> Kathleen March ....	171
<b>Carvalho Calero. Mitos para un exilio.</b> Pilar Pallarés .....	183
<b>O teatro</b>	203
<b>Carvalho Calero: o Teatro e a Vida.</b> João Guisan Seixas .....	205
<b>Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista.</b> Araceli Herrero Figueroa .....	227
<b>A intervención política e cultural</b>	249
<b>O compromiso cultural de Carvalho Calero: a reintegración lingüística galego-portuguesa.</b> José-Martinho Montero Santalha .....	251
<b>Reflexións sobre a Segunda República.</b> Xosé Ramón Barreiro Fernández .....	263
<b>Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936.</b> Justo Beramendi.....	281
<b>O home</b>	295
<b>Algúns recordos de Carvalho Calero.</b> Isaac Díaz Pardo .....	297
<b>Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido.</b> Miguel Anxo Fernán-Vello.....	301
<b>O professor, o mestre, o amigo: evocación saudosa.</b> Aurora Marco.....	309
<b>Clausura do Simposio</b>	
<b>Carvalho Calero novelista.</b> Darío Villanueva.....	323
<b>Apéndices</b>	341
<b>Apéndice fotográfico.</b> .....	343
<b>Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936.</b> Teresa López.....	349

# 2

## Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido

Miguel Anxo  
Fernán-Vello

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671.301>

*Como temos vivido cuase setenta anos,  
hai que situar a nosa morte,  
veña ja cando veña, a fins de século.  
A principios de século nacemos,  
a fins de século morremos.  
Ti e máis eu fomos, verdadeiramente,  
fillos do noso século.  
Tivo-nos entre dúas táboas entalados:  
o seu principio e o seu fin.  
("A Álvaro Cunqueiro, 1980")*

RICARDO CARVALHO CALERO

**T**oda a traxectoria humana de Ricardo Carvalho Calero (1910-1990), tanto no plano intelectual e político como no cultural e literario, está marcada pola asunción dun nidio compromiso coa historia e coa realidade do seu país. Aquel ferrolán que con a penas quince anos, recién chegado a Santiago de Compostela para realizar estudos de Filosofía e Letras e Dereito, comeza a se relacionar cos estudantes do Seminario de Estudos Galegos, no cal ingresa, estaba chamado a ser un dos máximos representantes da cultura galega do século XX.

Poeta adolescente en galego, con poemas publicados na revista ferrolá *Maruxa* á idade de trece anos (un deses poemas titulábase "A Galicia"), o universitario Carvalho Calero tamén publica non máis chegar a Compostela os seus primeiros ensaios literarios, esta vez nas páxinas de *El Correo Gallego* e *Vida Gallega*. No mozo de Ferrol, de intelixencia



rápida e fina sensibilidade, vibraban cedo as cordas do desexo textual, unha vocación pola beleza das ideas e das palabras e un forte latexo creativo que o levaría, pasados os anos, a facer da estética unha ética de valores irrenunciábeis.

Colaborador da revista *Nós* con dezaioito anos, lembra Carvalho Calero que por aquela época, en plena dictadura de Primo de Rivera, “éramos todos non só liberais e anti-ditatoriais, senón republicanos”. O compromiso ideolóxico e a vontade de acción dun bo segmento dos estudantes da Compostela de finais da década dos vinte, no século pasado, tiña en Ricardo Carvalho Calero un referente fundamental, non só pola súa capacidade innata de organización senón tamén polo seu dinamismo persoal e o seu espírito de servizo á comunidade, sempre este desde perspectivas progresistas e galeguizadoras. O noso xoven universitario, que xa fora presidente da Asociación de Estudantes de Dereito, axiña vai ocupar o posto de director do Departamento de Prensa da Federación Universitaria Escolar, a FUE, entidade sindical radicada no ámbito do ensino que tería especial protagonismo na organización das primeiras folgas de estudantes contra a ditadura militar do xeneral Primo de Rivera y Orbaneja. Máis dunha vez ten lembrado Carvalho Calero as “cargas da Guardia Civil dacavalo no campo de Don Mendo”, espazo que hoxe é campus universitario, así como a entrada da forza pública nas dependencias universitarias.

Precisamente, con este último feito como desencadeante, o propio Carvalho Calero, que tamén chegaría a ser presidente da FUE, foi designado pola organización para escribir un libro co obxecto de xustificar as actitudes mantidas polos estudantes no conflito e condenar a actuación policial que “violara” impunemente o recinto universitario. A obra, publicada en xaneiro do ano 1931 co título de *La fuerza pública en la Universidad de Santiago. Datos y documentos*, analiza con gran rigor o “conflicto xurisdiccional” creado, en efecto, pola entrada ilegal da policía na Universidade, ordenada polo naquel entón alcalde de Santiago e catedrático de Dereito Civil, Felipe Gil Casares. Ten nesta altura Ricardo Carvalho Calero vinteún anos e xa demostra amplamente unha madurez intelectual e política nada común. Gran lector, estudante aplicado e responsábel, con grandes dotes para a comunicación e a oratoria, Carvalho Calero xa pronunciara tres anos antes en Ferrol, organizada polo Centro Obrero de Cultura de dita cidade, unha conferencia titulada “En torno a las ideas comunistas de Platón” e tamén fora o encargado de pronunciar o Discurso de Apertura da Universidade (1930-1931).





A acción galeguizadora de Carvalho Calero, xa no ámbito propiamente universitario, xa na inmediata proxección e intervención que leva a cabo no ámbito social, sitúao como un dos máis importantes activistas do momento. A galeguización da universidade, a reivindicación do uso do idioma galego na vida académica e en todos os seus ámbitos internos e externos, todo isto unido a unha loita pola dignificación xeral da cultura galega, son esixencias éticas e estéticas, en definitiva, políticas, inmediatas do xoven estudante ferrolán. En datas próximas á que vai ser a súa primeira participación nun mitin político, con Casares Quiroga, no Teatro Principal de Santiago (posteriormente, no mesmo Teatro, interviría noutro, esta vez con Castelao), Carvalho Calero redacta un manifesto titulado “Aos escolares, aos universitarios, aos galegos”, no que, entre outras sinaturas, atopamos os nomes de Álvaro Cunqueiro, Xaquín Lourenzo e Francisco Fernández del Riego. En dito manifesto, de clara reivindicación universitaria, plásmase a necesidade de asumir plenamente o galeguismo como proxecto e camiño a realizar e reclámase a “independencia universitaria con relación a Madrid”.

No ano 1931 Ricardo Carvalho Calero, coincidindo coa publicación na Editorial Nós do seu primeiro libro de poemas, *Vieiros*, remata os estudos de Dereito, converténdose así nun dos primeiros avogados da República, proclamada en Abril dese ano. Son tempos de gran fervenza ideolóxica, de grandes e amplas perspectivas políticas; todo o ar fresco e luminoso da primavera a poboar os espazos da esperanza: Galiza rexurdindo novamente e abesullando na terra e no tempo un horizonte de liberdade posíbel. Carvalho Calero participa activamente nas tertulias que organiza o Seminario de Estudos Galegos, instalado xa en Fonseca, e frecuenta tamén a tertulia do “Derby”. Neste ambiente relaciónase, entre outros, con Sebastián González, Ramón Martínez López, Xosé Filgueira Valverde, Luís Tobío, Luís Seoane, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro e Xoán Xesús González. A conciencia política do galeguismo entre os estudantes é xa unha realidade incuestionábel e naquelas tertulias e reunións emprégase decote o idioma galego.

Ricardo Carvalho Calero (estamos situados no ano 1931), cada vez máis comprometido coa realidade cultural, social e política de Galiza, asina o manifesto fundacional de Esquerda Galeguista, un grupo ou corrente progresista que máis tarde aparecerá integrado no Partido Galeguista. O día 6 de decembro dese mesmo ano o noso poeta e escritor participa na cidade de Pontevedra na asemblea que dará lugar á fundación do PG, pasando a formar parte do Consello do mesmo, xunto con Castelao, Alexandre Bóveda, Lugrís Freire, Valentín Paz Andrade e Luís Tobío Fernández, entre outras personalidades. Case



simultaneamente, e por encargo do Seminario de Estudos Galegos, Carvalho Calero, xunto con Luís Tobío, marxista de sólida formación, redacta o primeiro anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galiza e nel estámpase, no seu primeiro artigo, a declaración de que “Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española”.

Dous anos máis tarde, en 1933, Carvalho Calero obtén o número 1 nas oposicións ao corpo administrativo de funcionarios do Concello de Ferrol e afíliase á UGT. Poeta, conferenciante, orador nacionalista, profesor de cursos de literatura e crítico literario, o autor de *O silencio axionllado* (1934), o seu segundo libro de poemas en galego, é xa unha importante presenza intelectual e literaria na Galiza anterior ao drama da barbarie fascista que se aveciña. No ano 1935, na IV Asemblea do Partido Galeguista, a organización acorda realizar un pacto co Partido de Izquierda Republicana e Carvalho Calero, participante activo na Asemblea, avoga claramente pola alianza do Partido Galeguista coas forzas de esquerda republicanas. No ano trágico de 1936 ten o noso protagonista a idade de 26 anos (cinco anos de militancia no PG) e licénciase en Filosofía e Letras con Premio Extraordinario.

¿Mais cales eran nese momento as angueiras e os designios que presidían a mente e o tempo do recién licenciado, do brillante poeta?

No mes de xullo de 1936 achábase Carvalho Calero en Madrid para concorrer a oposicións a cátedras de Lingua e Literatura Española e Universal. Casara tres anos antes e a súa muller estaba a punto de dar a luz. Nas *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, dinos a Francisco Pillado e a min o vello profesor: “Era mui importante para min gañar esas oposicións. Entón xogaban muito os problemas económicos, e interesava-me muito ver de ingresar canto antes na carreira do profesorado”.

Mais as oposicións non chegaron a celebrarse. O mesmo día que recibe un telegrama dándolle conta do nacemento dunha filla, o xeneral Franco protagoniza un golpe de Estado que desemboca na Guerra Civil española. Cortada a comunicación con Galiza, Carvalho Calero alístase como miliciano no Batallón Félix Bárcena, organizado pola Federación Española de Trabaxadores de la Enseñanza, adscrita á UGT. Primeiro participa na defensa de Madrid, trasládase despois a Valencia (onde coñece a Ramón Cabanillas e se reencontra con Castelao) e, posteriormente, como membro da Plana Maior do Exército da República, co grau de Tenente, combate en Andalucía.



Triunfante o fascismo despois de tres anos de loita encarnizada contra a legalidade vixente, Carvalho Calero é detido, procesado por “adhesión a la rebelión” e acusado polo fiscal militar de ser un “individuo separatista”. A condena imposta foi de reclusión maior, doce anos e un día, e o loitador demócrata é trasladado a un antigo convento de monxas de Xaén, convertido en prisión militar. Alí cumpre a pena por espazo de dous anos mentres non obtén a liberdade condicional por “redención de penas polo traballo”. Imposibilitado para exercer cargos públicos, expedientado e expulsado por “fuxido” da súa antiga praza de funcionario municipal, Carballo Calero regresa a Ferrol, coñece á súa filla, que xa conta cinco anos de idade, e subsiste, con notábel esforzo, impartindo clases particulares en calidade de pasante e traballando esporadicamente no ensino privado. Son anos duros e tristes, tempo de silencio amordazando a vida e a infamia fascista disfrazada de vulgar prepotencia e absoluta mediocridade. Ata a extinción da pena, no ano 1951, o profesor Ricardo Carvalho Calero ten que presentarse periodicamente na prisión de Ferrol diante da autoridade militar.

En todo momento, o noso escritor, paradigma de sabedoría precoz e nobreza persoal, mantivo, diante da notoria adversidade que lle tocou vivir, unha elegancia singular. Elegancia no plano ético, que se traduce nun inquebrantábel compromiso progresista co seu país, co seu idioma e coa súa cultura, e elegancia de espírito en dialéctica permanente coa sensibilidade, coa sede de coñecemento e cunha arela de perfección e de beleza en todo canto atinxe á creación literaria.

No ano 1946 prodúcese o reencontro de Carvalho Calero coa actividade publicatoria. Con pseudónimo ou anonimamente atopamos páxinas literarias da súa autoría en *La Noche* e de xeito inmediato veremos a súa sinatura en diversas publicacións e revistas galego-americanas, así como se apreciará o seu traballo como colaborador, en idioma galego, nas emisións da BBC dedicadas a Galiza.

Mais vai ser no ano 1950, con motivo do seu traslado a Lugo (cidade na que vivirá quince anos) para dirixir o Colexio Fingoy, cando se produce un notábel punto de inflexión na actividade literaria pública e recoñecida de Carvalho Calero. Nese mesmo ano publica un novo libro de poemas, *Anxo de terra*, e gaña o premio da Editorial de los Bibliófilos Gallegos coa obra *A xente da Barreira*, primeira novela galega de posguerra e importante contribución ao xénero da novela histórica. Despois virán outros libros de poemas, *Poemas pendurados dun cabelo* (1952), *Salterio de Fingoy* (1961) e a defensa en Madrid da

súa tese de doutoramento, que ve a luz no ano 1955 na Editorial Gredos co título de *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*.

E poderíamos seguir consignando e valorando aquí a bibliografía de Ricardo Carvalho Calero, toda a súa inmensa obra literaria: poética, narrativa, teatral e ensaística. Mais non é este o obxecto do presente traballo. Membro da Real Academia Galega, na cal ingresa no ano 1958 cun discurso titulado *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, o noso querido profesor, tamén autor dunha monumental *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1963), obra central na historiografía galega do século XX, e primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago (1965), é, sen dúbida, unha das personalidades máis importantes, decisivas e centrais, xunto con Castelao, Otero Pedrayo e Xosé Manuel Beiras, da historia de Galiza.

Autor tamén da primeira gramática científica do noso idioma, publicada no ano 1966, a súa produción ensaística, de gran calado científico e literario, é un conxunto referencial e xa clásico no panorama galego do pasado e do presente século. Carvalho Calero é un “xigante” da intelixencia galega, tanto no plano intelectual e de investigación como no propiamente creativo e literario. E, ao mesmo tempo, é un home de acción, un intelectual comprometido coa causa universal da dignidade de Galiza, e un protagonista, xa desde moi novo, recén chegado á Compostela dos anos vinte, dos grandes avatares históricos vividos e sufridos polo noso país.

Como activista de vangarda na loita universitaria, como defensor da universalización do galego, como militante político galeguista e nacionalista, como demócrata defensor da legalidade republicana, Carvalho Calero é unha referencia de primeira magnitude na historia do século XX galego. Mais o intelectual que pensa con rigor Galiza, que coñece como poucos a súa tradición cultural e que enxerga un futuro de progreso para a súa nación, é tamén unha voz crítica e actual, discordante en moitos casos, como un día dixemos, do “oficialismo mediocrizante” e afastada dos “holdings” culturais ao uso. Paradigma do que Uxío Novoneyra definiu como “galeguismo non entreguista”, as posicións de Carvalho Calero a respecto da normalización da lingua, así como da súa normativización, na mellor tradición galeguista (“lusista” ou “reintegracionista”), son claras e precisas. “Ese bilingüismo (expresa o profesor) en que se trate de equiparar artificialmente dúas línguas é algo irreal, e tería sido mellor se declarasen lingua oficial de Galiza o galego, lingua oficial de



## Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido

Catalunya o catalán, lingua oficial de Castela o castellano, sen perxuízo de que os galegos estivésemos obrigados (si, non hai inconveniente en admiti-lo) a coñecer tamén o castellano”.

Xa nos últimos anos da súa vida, o vello e entrañábel profesor, crítico co “neorrexionalismo” campante e defensor dunha política lingüística e cultural situada en parámetros opostos aos vixentes, sufriu máis de un oprobio por parte do poder político e cultural reinante. Sumamente cordial e sempre disposto ao diálogo, mantivo sempre Carvalho Calero un ton de acrisolada elegancia na súa conducta, presente en todos os foros nos que era reclamado (maiormente por parte de Asociacións Culturais) e en contacto permanente coas novas xeracións, arelantes de beber das augas do seu maxisterio e do seu espírito profundo de galeguidade.

Cando se cumpren dez anos da morte do sabio profesor, do intelectual polígrafo, do escritor total que foi Ricardo Carvalho Calero, estremécese o cerne mesmo dun século de galeguismo e de literatura. Lucidez e intelixencia, paixón pola beleza e pola razón, capacidade de sacrificio polas ideas, espírito democrático e reflexivo que defendía a autodeterminación do noso país, Carvalho Calero soubo ver, desde a fonda tensión que lle forneceu sempre o coñecemento de Rosalía e de Castelao, a raíz e o froito dunha nación chamada Galiza: unha forma de harmonía futura na cal brillará ben alta a figura e a obra de Ricardo Carvalho Calero.